

## **Patricia Gómez Salgado**

Doutora en Psicoloxía (2015), Máster en Xestión e Dirección de Centros de Servizos Sociais (2014), Máster en Saúde Pública (2016), e especializada en Educación Emocional (2018) e en Avaliación de medicamentos e Tecnoloxías sanitarias (2023).

Dende 2012 forma parte do grupo de traballo da *Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario* da Universidade de Santiago de Compostela (USC), onde desenvolveu a súa tese titulada *O uso problemático de Internet e as Novas Tecnoloxías entre os adolescentes galegos*. Ten participado en máis dunha quincena de proxectos, é autora de máis dunha vintena de artigos científicos en revistas de prestixio internacional, e ten desempeñado labores de docencia universitaria na USC, na Universidade Internacional de Valencia e na Universidade de Vigo, sobre metodoloxía das ciencias do comportamento, prevención de condutas adictivas, e sexualidade e xénero.

Asemade, conta con experiencia asistencial como psicóloga da Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (Saúde Mental FEALES Galicia, 2017-2021), e como colaboradora da Fundación INGADA (Instituto Galego do Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) e trastornos asociados, dende 2016). Dende 2021, é xestora de investigación na Unidade de Asesoramento Científico-técnico da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (avalía-t, ACIS).

Imparte obradoiros tanto a profesionais do eido educativo, psicosocial e da saúde, como a familias e adolescentes. Neste marco, ten sido relatora en cursos e seminarios auspiciados polo CAFI e os distintos CFR, a ACIS, UNAD, Fundación FAD Juventud, e outras entidades do terceiro sector, concellos e deputacións, así como no programa de Formación Continuada a Distancia (FOCAD) do Consejo General de la Psicología de España e no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG).